

Unidade 1: saber filosófico: orixe, sentido e historia

1. A Orixo do pensamento filosófico occidental: sentido, necesidade e historia

A Filosofía nace na cultura occidental ao redor do século VI a.C. na rexión de **Xonia**, Grecia antiga, na actual costa de Turquía, destacando as cidades de Mileto, Éfeso e Clazomene. Malia a que falamos de filosofía occidental, cómpre salientar que neste contexto xeográfico e temporal as influencias de Oriente son notables, e desempeñan un papel importante para comprender algunhas das teorías dos autores gregos máis salientables.



1. Por que pensas que a Filosofía occidental nace precisamente nesta rexión? Que factores pensas que puideron influír e por que?

2. Por que cres que a filosofía non xurde en outras grandes civilizacións previas que tamén estaban moi avanzadas culturalmente, coma Mesopotamia ou Exipto?

¿Que sentido teñen as primeiras preguntas da Filosofía?

Aos primeiros autores, os do século VI a.C., preocupáballes particularmente a cuestión da orixe do cosmos. Polo tanto, desenvolveron teorías que tentan responder ao problema da **orixe da natureza** e que permiten comprender por que a orde que a natureza presenta é deste xeito, así como dar resposta a un tema fundamental: **como en base a que regras cambia a realidade ao longo do tempo**.

Máis adiante, en cambio, no século V a.C., a filosofía terá como centro xeográfico a cidade de **Atenas** e neste novo contexto os pensadores non estarán tan interesados en explicar os fundamentos da realidade, senón en asuntos máis humanos, como son a **ética e a política**.

Así, ao primeiro grupo de autores englobámoslos no chamado **Paradigma do Logos**. Denomínase así por que unha das traducións da palabra grega ‘logos’ fai referencia á orde que presenta o mundo, a como está constituído, que era precisamente a preocupación principal destes autores. Ao segundo grupo coñecémolos como **Paradigma do Nomos**, xa que ‘nomos’ fai referencia ás normas ou costumes que seguen os seres humanos como membros dunha comunidade (ética, política), que era a preocupación fundamental para estas figuras.

Paradigma	Cronoloxía	Xeografía	Preocupacións	Autores destacados
Paradigma do Logos	Século VI a.C.	Clazomene, Éfeso, Mileto, Abdera	Como é a realidade e como podemos coñecela	Tales, Anaximandro, Anaxímenes, Heráclito, Parménides, Pitágoras, Empédocles, Anaxágoras, Demócrito
Paradigma do Nomos	Século V a.C.	Atenas	Como debemos regular a nosa conducta individual e colectiva	Sócrates e os sofistas

2. Saber racional e saber prerracional: mito e razón

A Filosofía non foi o primeiro ámbito no que os seres humanos trataron de responder ás preguntas fundamentais acerca da realidade ou acerca de si mesmos. Con anterioridade a relixión ofreceu respostas aos mesmos interrogantes baixo múltiples relatos míticos. Así, destacan os mitos das grandes relixións, coma o mito de Osiris na relixión exipcia, os mito da caixa de Pandora ou do nacemento de Afrodita en Grecia ou os mitos cristiáns da creación e do pecado orixinal entre outros moitos. Sen embargo, para comprender a novidade que representan os autores do século VI a.C., debemos contrastar as características do mito coas características da explicación racional que serán propias da Filosofía.

Características do mito	
Antropomórfico	Basea as súas explicación nas forzas na natureza personificadas en deuses, que teñen atribucións humanas como o estar sometidos a paixóns e desexos.
Arbitrariedade	Precisamente por fundamentarse en seres antropomórficos, as explicacións débense á vontade cambiante dos mesmos. Así, a orde do mundo depende de seres con vontades cambiantes e non de leis impersoais.
Fundamentado na tradición	As persoas aceptan o relato mítico porque forma parte da súa cultura, que lles chegou polos seus antepasados e dende a cal lle dan sentido á realidade.
Acrítico	Como parte da súa tradición, o mito acéptase tal e como se transmite, e non admite que se introduzan variacións nel nin que se busquen incoherencias. Como é posible que deus todopoderoso empregase 6 días en crear o mundo? O mito non está aberto a este tipo de críticas; tan só debe aceptarse como é por parte dos membros da comunidade.
Pechado	Por ser acrítico, non está aberto a modificacións nin a discusión, polo que se trata dun relato pechado e rematado para sempre.



3. Na imaxe superior vemos ao antropólogo británico Bronislaw Malinowski xunto con nativos da Melanesia. Malinowski sostiña que en todas as culturas conviven formas de tres elementos constantes: maxia, ciencia e relixión. Pensaba que isto era así porque en todas elas cada un dos elementos desempeñan unha función insubstituíble. A partires disto, observas ao teu redor maxia, ciencia e relixión? Que función cres que teñen na sociedade na que vive e como teñen lugar?

Características da explicación racional	
Impersoal	As forzas e leis que gobernan o cosmos non se encarnan en seres concretos, senón que son abstractas e impersoais.
Necesidade	É a idea máis importante da explicación racional. Todo efecto ten unha causa que pode comprenderse, e esta á súa vez ten outra causa que a produce, e así sucesivamente, nunha gran cadea que depende de leis que son constantes e permanentes, a diferencia da vontade cambiante dos deuses.
Fundamentado na argumentación	A explicación racional acéptase pola forza dos seus argumentos e pola coincidencia dos mesmos que mundo, independentemente da tradición herdada.
Crítico	Trátase dunha explicación susceptible de ser criticada e contraargumentada. Deste xeito, será habitual que un filósofo critique e rexeite as teorías do seu mestre, pero verá as súas propias atacadas polo seu discípulo, nun proceso de crítica e revisión constante.
Aberto	Por ser crítica, a explicación racional está aberta a ser modificada, e serao de feito cando se atopen novos elementos máis satisfactorios que os anteriores.

TAREFA 1

Instrucións: Elabora o seguinte exercicio dun xeito persoal, razoado e profundo. Terase especialmente en conta a capacidade de elaborar respostas detalladas, redactadas con corrección, coherencia e cohesión, e cun estilo e vocabulario axeitado á expresión filosófica.

A continuación tes dous textos, un de carácter mítico-relixioso e outro de carácter filosófico. Identifica cal é cal e xustifica a túa resposta. Identifica tamén os trazos do pensamento mítico e do pensamento filosófico segundo corresponda, analizando con todo o detalle que poidas como estas características se reflexan no texto e como se plasman aquí as diferencias entre estes dous modos de comprender o mundo.

TEXTO 1

No principio creou Deus o ceo e a terra. A terra era unha masa informe e baldeira, as tebras cubrían o abismo e un vento poderoso axitaba as augas. Mandou Deus que houbese luz, e houbo luz. Viu Deus que a luz era cousa boa e arredouna das tebras. A luz chamouna día e ás tebras chamounas noite. E con iso completouse o primeiro día da semana. Quixo Deus que houbese un espazo para arredar as augas das augas. E fixo un espazo, que arredaba as augas de enriba das de embaixo. O espazo rematado Deus chamouno ceo. E completouse o segundo día. Mandou Deus que se xuntasen as augas de embaixo nun lugar e que aparecese o chan enxoiro. E así foi. O chan enxoiro chamouno terra e ás augas xuntas, mares. E viu que estaba ben. Mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie. E así foi. A terra xermolou herba verde, plantas coa súa semente, árbores que daban froito, cada unha coa súa semente. E viu Deus que estaba ben. E completouse o terceiro día. Mandou Deus que houbese luces no espazo para distinguir o día da noite, para dar sinal das festas, das estacións e dos anos, e para que, brillando no espazo, alumasen a terra. E así foi. Deus fixo dúas luminarias, a grande que rexe o día, a pequena que rexe a noite, e tamén as estrelas. Púxoas no espazo, para alumar a terra, para rexer o día e a noite e para distinguir a luz das tebras. E viu que estaba ben. E completouse o cuarto día.

Quixo Deus que as augas fosen un fervedoiro de peixes e o espazo entre o ceo e a terra un voar de paxaros. E creou os monstros mariños, os moitos xéneros de peixes que refervén nas augas e todas as sortes de paxaros. E parecéronlle ben. E bendiciunos deste xeito: Reproducídevos, creced, enchede as augas do mar e que os paxaros medren na terra. E completouse o quinto día. Mandou Deus que a terra producise as varias especies de animais, os domésticos, os réptiles e as feras salvaxes. E así foi. Deus fixo as varias especies de feras salvaxes, animais domésticos, réptiles, e parecéronlle ben. Despois dixo Deus: -"Fagamos o home á nosa imaxe e á nosa semellanza, e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos réptiles todos da terra". E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno varón e femia. E bendiciunos así: -"Reproducídevos, creced, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra". E díxolles aínda: -"Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e todas as árbores que dan froito coa súa propia semente: serviranvos para a mantenza". As feras todas do monte, ós paxaros do ceo e ós réptiles que viven na terra doulles a herba para a mantenza". E fíxose así. Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo. E completouse o sexto día.

TEXTO 2

2.- Pois si existe algún fin dos nosos actos que queiramos por el mesmo, e os demais por causa del, e se nada do que eliximos depende doutra cousa –pois así chegaríase ó infinito e dese xeito o desexo sería baldeiro e inútil-, ese fin evidentemente sería o bo e o mellor. Daquela, non é certo que o coñecemento del terá un peso grande na nosa vida e que, o mesmo ca os arqueiros que apuntan a un branco, acadaremos mellor o que debemos acadar? De ser así, hai que

intentar comprender en liñas xerais cal é e a cal das ciencias ou facultades corresponde. Podería parecer que será o da principal e máis eminente. E evidentemente esta é a política. Pois ela dispón que ciencias se precisen nas cidades e cales ten que aprender cada un e ata que punto. Vemos tamén que as facultades máis estimadas dependen dela, como a estratexia, a economía, a retórica. E xa que a política se vale das demais ciencias prácticas e ademais lexisla que cómpre facer e de que se hai que arredar, daquela o fin dela abarcará o fin das outras ciencias, de xeito que constutiría o ben do home. Pois aínda sendo o mesmo o fin do individuo e o da cidade, evidentemente será máis grande e máis perfecto acadar e gardar o da cidade, porque é estimable procuralo para un individuo, pero é moito máis fermoso e divino facelo para un pobo e para cidades. Esta é a nosa investigación, que é unha disciplina política. (...)

4.- Xa que todo coñecemento e toda elección tenden a algún ben, retomemos o asunto e digamos cal é aquel ao que tende a política e cal é o ben supremo de todos os que se poden facer. Sobre o seu nome case todo o mundo está de acordo, pois tanto o común da xente como os distinguidos dinlle “felicidade” e sosteñen que “vivir ben” e “obrar ben” é a mesma cousa ca “ser feliz”. Pero en cambio discuten sobre que é a felicidade e non o explican da mesma maneira o común da xente e os sabios, pois uns consideran que é algunha das cousas visibles e manifestas, como pracer, riqueza e dignidades, e outros outra cousa e mesmo unha única persoa pode ter opinións diferentes. Cre que a felicidade é a saúde, se está enfermo, e a riqueza, se é pobre. Os que recoñecen a súa propia ignorancia, admiran aos que din algo grande e que está por riba deles. Pero algúns cren que ademais de toda esta abundancia de bens, hai outro que existe de seu e que é a causa de que todos aqueles sexan bens. Tal vez é inútil examinar polo miúdo todas as opinións e abonda con ter en conta as máis salientables e as que parecen ter algunha razón. Non esquezamos que os razoamentos que parten dos principios se diferencian dos que conducen a eles. Pois ben, mesmo Platón tiña dúbida e preguntábase se había que partir dos principios ou por contra encamiñarse cara a eles, como no estadio desde os xuíces ata a meta ou en sentido contrario. Hai que comezar polas cousas que son máis doadas de coñecer. Pero estas sono en dous sentidos: unhas, para nós; outras, en termos absolutos. Se cadra temos que empezar polas que nos son máis doadas de coñecer. Por iso, o que pretende aprender satisfactoriamente sobre as cousas boas e xustas e, en definitiva, sobre a política, cómpre que estea ben guiado polos seus costumes. Pois o punto de partida é o “que”, e de estar iso claro dabondo, xa no se precisará o “porqué”. Un home así xa ten ou podería acadar con facilidade os principios. Pero aquel que non conta con ningunha das dúas cousas, que escoite a Hesíodo:

O mellor de todos é o home que comprende todo por si mesmo. É distinguido aquel que obedece a quen ben lle aconsella. Pero o que nin comprende por si mesmo, nin conserva no seu ánimo o que lle escoita a outro, ese é un home inútil.

3. Disciplinas da Filosofía

Ao longo da súa historia a filosofía tentou dar respostas a distintos problemas fundamentais. A medida que as teorías que os intentaban solucionar se desenrolaban, xurdiron diversas disciplinas dentro da Filosofía. Destacan as seguintes:

Disciplina	Intereses	Preguntas a responder
Metafísica ou ontoloxía	A realidade e os seus principios	Cales son os principios e a orixe da realidade? Por que hai algo en lugar de non haber nada? Hai un único principio ou hai varios? De que xeito cambia a realidade e por que se move como o fai?
Epistemoloxía ou Teoría do coñecemento	O coñecemento	Cales son as fontes de coñecemento? Como podo coñecer? Que podo coñecer?

Lóxica	A forma dos razoamentos	Que fai válido un razoamento ou argumento? Que distingue unha verdade de unha contradición?
Ética	A conduta individual	Como debo comportarme e por que?
Política	A conduta colectiva	Como debemos comportarnos como membros dunha comunidade?
Antropoloxía	O ser humano	Como chegamos a ser bioloxicamente o que somos? Como chegamos a ser culturalmente o que somos?
Estética	A beleza	Que fai que algo sexa belo? En que consiste a beleza?

3. Indica a que ramas da filosofía pertencen as seguintes afirmacións e xustifica por que:

- O mundo está formado por un conxunto heteroxéneo de partículas que se mesturan a causa da intelixencia e deste xeito dan lugar ás distintas cousas.
- A autosuficiencia é o fin máis desexable para o individuo, de xeito que debemos estudar os praceres e aclarar cantos e cales son.
- O primeiro principio da realidade é a auga, que dou lugar a todo o demais. Así, unhas cousas son auga máis concentrada e outras auga máis lixeira.
- O adolescente presenta características conflitivas: por exemplo, conflitos coa súa familia ou os seus pares. Sen embargo, hai que destacar que o concepto de adolescencia varía dunha cultura a outra. En Occidente dura anos, pero nalgúns tribos africanas dura días, xustamente o que tarda o rapaz en cazar un león e converterse en adulto.
- “Se chove non irei de viaxe”, “Non fun de viaxe”, “Por tanto, non choveu”, son tres xuízos que forman un razoamento falaz, é dicir, un razoamento que non é correcto.
- A realidade pode ser percibida por varias vías. O que ocorre é que algunhas delas, coma os sentidos, son enganosas, de modo que debemos rexeitalas e centrarnos na única vía que nos asegura a verdade, o coñecemento racional.
- O modo de vida dos membros da tribo !kung vese reflexado na súa mitoloxía, nas súas costumes, na súa relixión e nos relatos orais que se contan ás novas xeracións.
- Queda un só dicir do camiño: que é; sobre ese camiño hai múltiples sinais: que, sendo non nacido, é tamén non perecedoiro, pois os seus membros están intactos, e sen temblor e sen final; nunca era nin será, posto que é agora todo á vez, un continuo; pois ¿que nacemento del buscarás?, ¿como e de onde medrou?; non che permitirei dicir nin pensar que do non-ser; pois nin se pode dicir nin pensar que non é. E ¿que necesidade o tería empurrado, antes ou despois, partindo da nada, a ser?
- Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito.
- Todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa [...] O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin.

4. Etapas do pensamento filosófico

4.1. Filosofía Antiga

Antes de estudar as etapas da Filosofía Antiga, é preciso comprender cales foron as causas que contribuíron a que esta aparecera no contexto da costa xonia no século VI a.C.. Estas causas son de tres tipos: económicas, culturais e políticas:

Causas económicas

A partir do século VII a.C. prodúcese una importante transformación na realidade grega. Asistimos a un forte desenvolvemento do comercio exterior marítimo, coas cidades xonias de Mileto e Corinto como principais centros de referencia. Este auxo vese reforzado pola aparición e consolidación da moeda como vehículo de intercambio e pola explosión demográfica. Ábrese un novo clima de mobilidade na sociedade grega, xurdindo una clase artesanal de crecente peso económico e político. Paralelamente, prodúcese una expansión colonial: a invasión doria obriga aos xonios a instalarse nas illas e costas de Asia Menor.

Causas culturais

O comercio e a expansión territorial propician os intercambio culturais, establecéndose contactos con Oriente. Ao mesmo tempo, ábrese o espazo para a crítica á cultura aristocrática e os seus valores, que quedan desfasados cando as relacións culturais esixen novas normas de xustiza e dereito como base dos intercambios. Ademais, a escritura desenvólvese debido á transformación dos caracteres fenicios, o que permitirá a plasmación escrita da filosofía. Incrementanse as viaxes e o intercambio de coñecementos técnicos e formas de vida (xeometría exipcia, aritmética babilonia, astronomía ou medicina). En Grecia a ciencia oriental será levada a un novo nivel de abstracción. A apertura permite una crítica aberta ás crenzas transmitidas oralmente polos poetas. As construcións homéricas declinan en favor de novas formas de coñecemento. A isto contribúe que a relixión é aberta e menos dogmática que as orientais, o que permite una maior permeabilidade ante novos modos de vida e interpretacións do mundo. Grecia empápase de cosmovisións diferenciadas, como as da relixión cretense ou exipcia, e das relixións mistéricas como o orfismo e a súa peculiar visión antropolóxica (purificación, ascetismo, transmigración das almas, reencarnación, crenza dunha lei cósmica rexedora de todo ou concepción cíclica do tempo babilonia).

Causas políticas

No plano político, a decadencia da aristocracia supón a decadencia dos valores tradicionais e a emerxencia da clase nobre supón una mentalidade aberta e permeable. Desenvólvense as polis (cidades-estado), presentes xa antes do século VII a.C. Nelas instáuranse e consolídanse as constitucións e con elas asúmese a necesidade dun maior protagonismo para a participación dos cidadáns. Destaca o maior grado de estabilidade política e social que proporcionan as democracias como a de Pericles, fomentando o diálogo sobre cuestións políticas comunitarias (política, ben común ou xustiza). O enfrontamento perentorio entre xenos saldase coa necesidade de buscar un acordo que concilie os diversos intereses, abrindo así as bases da polis. Nelas dominarán os valores de isegoría (as relacións concíbense entre iguais, cobrando especial importancia a palabra e o argumento fronte á forza) e isonomía (igualdade entre todos os cidadáns sen distincións xerárquicas). O centro da cidade pasa a ser a praza pública ou ágora, centro da deliberación colectiva. Instaurase unha política de predominio da palabra ou do discurso, de plena publicidade dos asuntos sociais, incluído o culto, e dos procedementos abertos e participativos, fronte ao secretismo precedente.

Agora podemos estudar brevemente as principais etapas do pensamento antigo que foron propiciadas polas causas anteriormente mencionadas.



4.1.1. Filosofía Presocrática (s. VI a.C.)

Correspóndese co nacemento da Filosofía en occidente. As preocupacións fundamentais xiran en torno á pregunta polo cosmos e os principios que o rexen. Elabóranse conceptos coma o de ‘ser’, entendido como existencia, o de ‘physis’ ou ‘natureza’, que se comprende coma o todo ordenado. Tamén destaca o concepto de ‘logos’, que fai referencia á orde da realidade que a razón humana pode comprender.

Dentro do pensamento presocrático podemos distinguir dous grandes momentos. Os primeiros autores son monistas, xa que consideran que a realidade ten un único principio ou está conformada, en última instancia, por unha única realidade, por exemplo, a auga ou o lume. Destacan aquí Tales, Anaximandro, Anaxímenes, Heráclito ou Parménides. Posteriormente, este tipo de explicación amósase insuficiente e atopamos ao grupo de autores pluralistas, que consideran que a realidade ten múltiples principios, coma os 4 elementos de Empédocles ou os Átomos de Demócrito.

4.1.2. Sócrates e os sofistas (s. V a.C.)

As Guerras Médicas (499 – 448 a.C.) enfrontaron ás polis gregas lideradas por Atenas co imperio persa. A sorprendente vitoria grega inicia a idade de ouro de Atenas, cidade que encabeza o bando vitorioso. Grazas a esta vitoria e á súa flota de trirremes, Atenas controlará o comercio marítimo no Mediterráneo. Este imperio ateniense asentado sobre o control marítimo coñécese co nome de ‘talasocracia’.



Neste período Atenas enriquecese e constrúe as principais obras públicas da Acrópole, coma o Partenón. Ao mesmo tempo, florece unha clase economicamente acomodada e culta, que se dedicará ao cultivo das artes e da Filosofía. O século V a.C. é tamén o século no que a democracia ateniense acadas súas cotas máis altas, especialmente durante a época na que o célebre político Pericles foi arconte (469-429 a.C.).

Neste novo contexto urbano, abandónanse as preocupacións pola natureza propias dos presocráticos e iníciase o interese por cuestións relacionadas directamente co ser humano. Este cambio coñécese co nome de ‘xiro antropolóxico’ e os principais referentes son Sócrates e os sofistas. Interesaranse fundamentalmente pola ética e a política.

Os autores coñecidos como **sofistas** intentan, por un lado, reducir os elementos cuasi-relixiosos que fundaran a visión do mundo grega e a súa influencia en todos os ámbitos da vida privada e pública; por outra banda, intentan superar, como insuficiente e esgotado, o pensamento físico e cosmolóxico centrado exclusivamente no arché e na cuestión sobre a natureza e os seus elementos constituíntes dos presocráticos, que sometían ao home ao papel dun elemento máis da realidade.

Consideran que a nova etapa que se abre debería afectar á cuestión do valor do ser humano, o home como referencia única e central e os seus produtos, que non son outros que os costumes e a súa influencia na orde xurídica da polis. O verdadeiramente esencial é que todo estea definido dende, por e para o home.

Sócrates naceu en Atenas no 470/469 a.C. e morreu no 399 a.C., condenado a morte por impiedade. Era fillo dun escultor e dunha matrona. Non fundou escola, pero ensinou en lugares públicos, como unha especie de predicador laico, exercendo unha enorme fascinación non só nos mozos, senón tamén nos homes de todas as idades, o que lle valeu notables aversións e inimidades. Este autor defendeu unha visión universalista (existen valores morais e verdades obxectivas e comúns a todos) e intelectualista (o ser humano debe obrar racionalmente e con autocontrol).

4.1.3. Grandes sínteses de Platón e Aristóteles (comezos do s. IV – 323 a.C.)

Platón, discípulo de Sócrates tratou todos os temas abordados polos seus predecesores, tanto os relativos á realidade (presocráticos), coma os relativos ao ser humano (sofistas e Sócrates). Deste xeito, elaborou decenas de obras coñecidas como *Diálogos*, xa que neles un interlocutor adoita falar con Sócrates, que é un personaxe que aparece na maior parte das obras platónicas. Os diálogos adoitan ter unha estrutura común, adoitan seguir un método común denominado maiéutica (intercambio de preguntas e respostas que elimina os prexuízos do interlocutor).

Platón postula un sistema que se apoia nunha **división entre o mundo sensible (cousas) e o intelixible (ideas)**, onde o concepto de idea é o fundamental. As ideas funcionan como modelos, arquetipos e esenciais. Platón enténdeo coma un mesmo molde que serve para crear múltiples obxectos. As ideas, que forman parte da realidade e non da mente, teñen as seguintes características fundamentais:

- Eternas**: son atemporais, indivisibles, inmutables (non suxeitas a cambios ou movemento), absolutos (non esgotados en casos particulares ou copias) e limitados (existencia de varias ideas). Polo tanto, compren as características do Ser de Parménides.

- Constitúen **a verdade e o ser**: coñecer a verdade dos obxectos sensibles significa coñecer a súa razón de ser. Esta razón de ser é a Idea: as cousas son en razón das ideas (modelos) que lle corresponden.

- **A esencia**: as ideas permítenos saber que son as cousas, o seu universal, o común.

- Formas ou modelos** únicos de algo múltiple.

- Son a verdade e a verdadeira realidade e por iso constitúen a forma do **verdadeiro coñecemento** (coñecemento do universal). Polo tanto, para Platón só haberá ciencia verdadeira se trata o coñecemento das ideas.

- Acceso por intelixencia**: acceso ao coñecemento de ideas a través da intelixencia. En ningún caso son un mero produto da intelixencia, senón que existen por si mesmos, independentemente de que a intelixencia acceda a eles.

- Non son calidades propias das cousas**, porque nese caso dependerían de obxectos e pertencerían ao mundo sensible.

Polo tanto, as ideas non son inmanentes, non son principios que se corresponden coas cousas, senón que son transcendentais, é dicir, transcenden a sensibilidade física e son a súa razón de ser.

Os obxectos do mundo sensible, captados polos sentidos, son copias das formas ou ideas. Trátase de copias imperfectas das ideas que manteñen a relación que cada copia ten co seu modelo. Esta relación pódese expresar de tres xeitos:

- a) A copia é unha imitación do modelo (**Imitación**, Mímesis): as cousas do mundo sensible imitan os modelos do mundo intelixible.

- b) A copia participa en "algo" do modelo (**Participación**, Mezesis): as cousas participan en características que están na máxima perfección no modelo. Pero esta participación está sempre nun grao inferior con respecto ao modelo.

- c) Na copia hai unha presenza do modelo (**Presenza**, Parousía): o grao de participación é o que a idea está no modelo.

Así, o mundo sensible, composto por materia máis a copia das ideas, corresponderá ás características do seu compoñente principal: a materia. A materia sempre está suxeita a cambios, movemento, nacemento, evolución e corrupción. Deste xeito, neste mundo será imposible falar do que son as cousas, xa que todo está suxeito a un cambio permanente.

Para Platón, onde hai cambios, é imposible atopar a verdade das cousas, xa que a verdade é para sempre, a verdade do eterno (atemporal), a verdade do universal. Así, o mundo sensible permanece como un mundo de aparencia, de realidade (realidade que parece ser pero non é), un mundo de non verdade, é dicir, do que non é (non ser). Deste xeito, só é posible falar de doxa (opinión). Se a natureza só é unha copia, entón a natureza é unha copia do verdadeiro mundo, do mundo intelixible, da verdadeira realidade.

A diferenza entre estes dous mundos no pensamento de Platón chámase diferenza ontolóxica e constitúe unha diferenza entre realidades xerárquicas (verdadeira realidade e mundo aparente).

Aristóteles é o máis célebre discípulo de Platón. É de orixe macedonia aínda que a súa cultura e grega. Criticará abertamente as teses do seu mestre con diversos argumentos, destacando os seguintes:

1. A filosofía platónica representa unha duplicación de cousas innecesaria e artificiosa. Platón afirma a existencia de dous mundos, o sensible e o intelixible, complicando a solución do problema metafísico revelado por Parménides.
2. Platón di que as cousas sensibles participan ou son copias dunha idea, que é como o seu modelo. Pero segundo Aristóteles, expresións como "participación", "copiar", "modelo", etc., non son verdadeiramente explicacións; Platón non fai máis que usar metáforas e, en vez de aclarar conceptualmente a cuestión, como debería facer a filosofía, refúxiase en imaxes literarias.
3. Non existe unha relación causal clara entre o mundo ideal e o mundo sensible. Platón non explica como os obxectos se derivan das ideas.

A raíz desta crítica, Aristóteles plantexará un novo modelo para entender a realidade que xa non dividirá o mundo en dous planos. O modelo aristotélico parte da física e da análise do movemento, e considera que este si é posible na realidade.

4.1.4. Filosofía Helenística (s. 323 a.C. – s. II d.C.)

Este punto está moi condicionado polos feitos histórico-políticos da época, polo que debemos deternos neles antes de abordar a parte filosófica.

Ao longo da segunda metade do século IV a.C. o reino de Macedonia, que posuía cultura grega pero que era politicamente diferenciado das polis, entra en auge. O rei Filipo II realiza reformas da administración e do exército que fan de Macedonia unha potencia militar. Grazas a isto no 338 a.C. derrota a unha alianza de polis gregas na batalla de Queronea. Este fito fai que as cidades gregas tradicionais entren en declive e comencen a perder a súa independencia política. En 336 a.C. Filipo é asasinado e ascende ao trono o seu fillo Alexandre, que levantará un imperio dende o centro de Europa ata o Océano Índico. Con este acontecemento as polis gregas rematan como forma de convivencia e o que agora temos é un imperio multicultural que engloba en si tradicións como a propia grega, a exipcia, a persa ou a babilónica.



Neste novo contexto, a reflexión dominante xa non será a política (desapareceron as polis), senón a ética. Vivimos unha época convulsa e de cambios onde os individuos ser refuxian en si mesmos, na súa interioridade e no seu círculo íntimo. Así, emerxerá o interese pola propia persoa e por como guiar a conducta para acadar un fin: a felicidade. Destacan aquí filosofías como o epicureísmo, o estoicismo ou o cinismo. Todas elas tentan dar coa fórmula da felicidade e todas elas rematan por concluír que esta atópase alí onde o ser humano logra independizarse das circunstancias e non verse afectado polo mundo exterior. A filosofía helenística é, polo tanto, unha filosofía da interioridade e do retiro voluntario do mundo.

4.1.5. Período relixioso neoplatónico-cristián (s. II – s.V d.C.)

A filosofía helenística non remata de convencer ás masas de seres humanos coas súas fórmulas de felicidade. É así como paulatinamente xurdirán outras doutrinas que tenten dar resposta ao problema do destino humano mediante un concepto novo: a salvación. Previamente non era frecuente imaxinar unha vida no máis alá onde a persoa conservase os atributos e características que tiña neste mundo. Co xurdimento do neoplatonismo e, posteriormente, do **cristianismo**,

os homes e mulleres da época atoparán unha resposta satisfactoria aos seus problemas. Xurdirá así un novo concepto, o de **fe**. Os posuidores da fe en Deus serán salvados e non desaparecerán coa morte física do corpo. O concepto de fe enfróntase ao que fora dominante no mundo antigo: o de razón. Aparecerá así un aberto enfrontamento doutrinal nos primeiros séculos da nosa era entre os defensores da filosofía antiga (razón) e os partidarios da nova relixión cristiá (fe).

Os autores que, dende o punto de vista da fe, fan valer a relixión e elaboran doutrinalmente as ideas desta coñécense co nome de Pais da Igrexa, e a corrente na que se engloban Patrística. Co xurdimento da Patrística consideramos rematada a Filosofía antiga e damos paso á Filosofía medieval.

4.2. Filosofía Medieval

4.2.1. Patrística (s. II-VI d.C.)

A filosofía era o saber por excelencia entre as elites do mundo clásico. Os gobernantes de Grecia e os césares de Roma estudábanla. Os autores da Patrística tentarán difundir e elevar a consideración da relixión para que os cristiáns superen as burlas e os desprezos dos seus coetáneos. Tras séculos de traballo, diversos autores entre os que destaca Santo Agostiño, logran que o estatuto da relixión sexa superior ao da filosofía na sociedade da súa época. Isto refléxase nunha serie de eventos históricos:

- **Edicto de Milán** (promulgado por Constantino I en 313): proclámase a liberdade de relixión no imperio romano. Anteriormente o cristianismo era perseguido, pero a partir desta data será tolerado e os cristiáns poderán reunirse e rendir culto ao seu deus.
- **Edicto de Tesalónica** (promulgado por Teodosio en 380): o cristianismo convértese na relixión oficial do imperio romano, desprazando á relixión tradicional.
- O emperador Xustiniano en 529 ordena o **peche de todas as escolas non cristiás**: isto supón a perda do ensino da filosofía e calquera outras ciencias. Destaca especialmente o peche da Academia platónica de Atenas, que viña funcionando dende 387 a.C. (916 anos).

Dende o século VI ata o XI apenas observamos actividade intelectual destacable. O mundo occidental súmese nunha época de inestabilidade, guerras de invasión e ruralización que obstaculizan a propagación da cultura. Os únicos redutos que resisten son os mosteiros, onde os monxes das ordes se dedican a copiar e salvagardar os escritos do mundo antigo aos que logran ter acceso. Moitos, en cambio, perdéronse por séculos.

4.2.2. Escolástica plena (s. XII e XIII)

No século XII rexurde a vida nas cidades, a actividade comercial e a interacción cultural. Grazas a isto -especialmente ao crecemento das cidades- créanse grupos de estudo en escolas urbanas, fundamentalmente no entorno das catedrais. A filosofía renacerá nestas escolas, o que lle da nome a época.

Ao mesmo tempo, grazas as invasións árabes, chegan a occidente obras que estaban perdidas dende a antigüidade, coma as de Platón ou Aristóteles. Estas obras serán un estímulo para os autores da escolástica, que buscarán por en relación a filosofía grega coa relixión cristiá. A síntese máis lograda entre fe e razón corresponde a **Santo Tomé de Aquino**.

Santo Tomé acepta que existe unha distinción entre a razón e a fe en termos de contido, pero non en termos de obxecto final, que é o mesmo: Deus. A diferenza é que hai unha área específica na que se move a razón e outra a fe. Do mesmo xeito, o método empregado por ambos para chegar a estes contidos é diferente. Así, a razón emprega a abstracción, mentres que a fe emprega a revelación (a Biblia).

Serán verdades exclusivas da fe, só accesibles pola fe, os denominados "Artigos de fe", como por exemplo a verdade da Santísima Trindade (deus é un e tres ao mesmo tempo). Por outra banda están as "Verdades da razón", referidas ao mundo natural. Non pode haber contradición entre a fe e a razón, xa que Deus é o creador de todo, tanto o mundo natural accesible á razón como o mundo sobrenatural accesible pola fe. As contradicións entre ambos só poden ser, polo tanto, contradicións aparentes. Como a Revelación é infalible, en caso de aparente erro será a razón a que se debe revisar, máis ben o uso específico da razón que se fixo. Así, o erro nace dos xuízos feitos polo home segundo a razón.

Pero hai contidos que se poden coñecer de ambas maneiras, compartindo a súa verdade tanto pola razón como pola fe. Son os chamados "Preámbulos de fe". Verdades como "Deus existe", "Deus é un" ou "Deus é o creador do mundo" son preámbulos de fe. A estas verdades chégase desde a razón e a filosofía, como fixo Aristóteles en Metafísica, cando conclúe que Deus é o motor inmóbil e a primeira causa, convertendo a metafísica en teoloxía ou ciencia de Deus. Esta verdade tamén se pode alcanzar pola fe.

Así, os preámbulos da fe son a área común de confluencia onde coinciden ambas formas. Isto demostra que a razón e a fe non son contraditorias.

4.2.3. Crise da Escolástica (s. XIV)

A solución de Santo Tomé non será satisfactoria para os autores posteriores, que verán a relixión incompatible coa razón humana. Nun intento desesperado por salvar a relixión do influxo da fe, Guillermo de Ockham vai soste que ambas deben seguir camiños totalmente separados. A fe, a relixión, non é nin pode ser racionalizable. Simplemente hai que crer ou non crer, é un acto de vontade, non de intelixencia. Esta tese certamente independiza á relixión das preguntas impertinentes da filosofía, pero inesperadamente tamén abrirá un campo de liberdade para a razón, que xa non ten que suxeitarse aos límites que lle marque a relixión.



A razón enfróntase á fe: pode Deus facer unha pedra tan pesada que nin el mesmo poida levantar?

4.3. Filosofía Moderna e Ilustrada

Agora fe e razón seguen camiños separados e independentes entre si. A razón elaborará os seus propios métodos de investigación e centrarase nos seus propios obxectos, prescindindo amplamente de Deus no seu discurso. A este proceso chamamosllr 'secularización'. Neste contexto xurdirá a nova ciencia, especialmente a física, como o saber paradigmático.

Tanto Copérnico (1473-1543), como Galileo (1564-1642), Brahe (1546-1601) ou Kepler (1571-1630) construírán unha revolución científica que máis tarde culminará Newton (1643-1727) coa Lei de Gravitación Universal. Cos seus logros porán de manifesto que o coñecemento humano pode avanzar grazas a un método rigoroso e grazas á aplicación das matemáticas dentro do mesmo. Deste xeito, os científicos lograrán reducir a complexidade do mundo empírico a simples formulas matemáticas de poucos termos, logro que terá un grande impacto na intelectualidade da época.

Por outra banda, a irrupción da Reforma Protestante a partir de 1517 abrirá un clima de división relixiosa en Europa, que será secundado por un escenario de división política entre católicos e protestantes. A culminación deste enfrontamento represéntaa a Guerra dos 30 anos (1618-1648), na que participará Descartes e que enfronta ás principais potencias europeas dentro do Sacro Imperio Romano Xermánico. Trátase dunha guerra de consecuencias desastrosas e gran devastación, que causará un forte trauma no espírito da época.

A burguesía en auxe, pola súa banda, simbolizará ao individuo autoconstruído, causa de si mesmo, capaz de enfrontarse ao mundo e triunfar grazas ao seu inxenio e á aplicación racional de coñecementos. A nova clase cultiva así un gusto pola racionalidade, pola ciencia e polos valores de liberdade intelectual e culto ao progreso que condicionaran as manifestacións filosóficas da Modernidade e da Ilustración. Subliñase, polo tanto, a idea dun suxeito activo fronte ao mundo, en lugar do suxeito pasivo que simplemente asume o estado de cousas dado.

Descartes será o autor máis destacado dos inicios desta época, e o seu énfase será a procura dun método para avanzar nos coñecementos de xeito que a ciencia poida progresar. Máis tarde, autores como Hume ou Kant rectificarán ou farán súas algunhas teses de Descartes.

Trátase dunha época preocupada tamén pola ética, onde se elaborarán filosofías que subliñen a liberdade do individuo e intenten integralo politicamente nas democracias que comezan a florecer. E a época da Revolución Francesa e da independencia de Estados Unidos, cuxas bases filosóficas asentan autores como Rousseau.

4.4. Filosofía dos séculos XIX e XX

O comezo do século XIX está marcado pola Revolución Industrial e as súas consecuencias: incorporación masiva da man de obra ás fabricas, auge das máquinas, precarización das condicións laborais nas cidades, traballo infantil, etc. Neste contexto, o filósofo alemán Karl Marx promulgará un pensamento que en lugar de ser fundamentalmente teórico estará dirixido a cambiar as condicións vitais dos traballadores ou proletarios. Os conceptos fundamentais de Marx son os de loita de clases, ideoloxía e alienación.

Para Marx a historia explícase pola continua loita entre clases: servos fronte a amos, señores fronte a vasallos e, na época do autor, propietarios das fábricas e do capital (burgueses) fronte a traballadores (proletariado). No sistema capitalista que xurdiu coa Revolución industrial a característica sobranceira é a explotación que sofren os proletarios por parte dos burgueses. Explotación significa que o proletario recibe menos salario do valor que produce co seu traballo. A diferenza entre o que produce e o salario que recibe chámase plusvalía, e o burgués aprópiase da mesma. Grazas a isto o burgués é cada vez máis rico e pode optimizar a súa fábrica con novas máquinas e traballadores. Isto farao entrar nun círculo pola cal se incrementa o seu poder, mentres que o proletario permanece estancado ou decrece en riqueza. Para Marx esta situación só se pode manter porque os traballadores asumen como propios os valores dos seus inimigos de clase, é dicir, aceptan a situación sen ser conscientes de que lles está prexudicando. A esta aceptación chamámoslle ideoloxía e o seu resultado é a alienación ('facerse outro'). Alienarse significa que os propios esforzos, en lugar de seren dirixidos ao propio proveito, son dirixidos ao proveito de outro.

Para este autor a situación só pode rematar se o capital e as máquinas lles son arrebatados aos burgueses e a súa propiedade se volve común. Así non haberá explotación e quedará instaurado un comunismo.

As teses marxistas foron postas en práctica no século XX, especialmente na Unión Soviética, pero tamén en Cuba ou Corea do Norte e están detrás da Guerra Fría da segunda metade dese século.

A finais do século XIX xurden filosofías como as de Nietzsche que critican ao completo a cultura occidental. En concreto, Nietzsche atacará a tradición cristiá e á tradición platónica, que segundo el inventaron un máis alá imaxinario para servir de refuxio psicolóxico ás persoas. Para o autor este máis alá é inexistente e provocou que se desprezase o verdadeiro mundo da vida polo que habitamos en favor dunha ilusión.

O século XX asiste a unha pluralidade de movementos filosóficos. Entre outros, destaca a filosofía existencialista ou a hermenéutica.